

Préstamo de obras dixitais

Co teu carné tes acceso a GaliciaLe, a plataforma de préstamo dixital da Rede de Bibliotecas de Galicia.



En GaliciaLe dispós de libros, revistas, películas e audiolibros, en dous catálogos:

- Catálogo en galego
- Catálogo en castelán (eBiblioGalicia)

En cada un dos dous, poderás coller prestado:

- 3 libros electrónicos, 21 días.
- 2 películas (só catálogo galego) 48 horas.
- 2 audiolibros, 21 días.
- 2 revistas, 3 días.

Podes acceder a través da web ou da app da RBG, empregando as credenciais da túa conta persoal.

Todo o que podemos ofrecerche

A colección da furgoteca ofrece recursos para a formación, a información e o lecer de todo o público:

- Libros informativos e literatura para todas as idades
- Álbumes ilustrados e cómics
- Revistas e prensa diaria
- Música e películas
- Videoxogos e consolas
- Outros materiais: lectores de libro electrónico, tabletas, altosfalantes etc.
- Impresora e escáner para o seu uso na propia furgoteca (debes solicitalos con antelación).



Datos de contacto

Furgoteca Lugo: 621 308 856
afurgotecalugo@xunta.gal

Furgoteca Ourense Sur: 644 169 214
afurgotecasur.ourense@xunta.gal

Furgoteca Ourense Occidental: 629 757 961
afurgotecaoccidental.ourense@xunta.gal

bibliotecas.xunta.gal/furgoteca



FURGOTECA

C 1882-2024

A furgoteca!!!

BIBLIOTECAS MÓBILES DE GALICIA


Servizo de préstamo



XUNTA
DE GALICIA

O carné da biblioteca

O único que precisas para levar materiais en préstamo da furgoteca é o carné da biblioteca. Con el poderás usar os servizos de toda a Rede de Bibliotecas de Galicia.



Como solicitar o carné


- Na propia furgoteca.
- A través dun formulario en liña, se tes certificado dixital ou Chave 365.

Se tes menos de 14 anos, é necesario que unha persoa adulta o autorice.

Atopa o que buscas no catálogo

Accede ao Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia para localizar o que buscas.

Podes utilizar palabras do título, o apelido do autor ou autora, o ano de publicación etc.



Conta persoal

Accede á túa conta do catálogo e poderás:

- Renovar o que tes prestado.
- Ver o teu historial de lectura.
- Facer reservas de libros da biblioteca.
- Facer propostas de compra.
- Ver a túa información persoal.

Para acceder precisas o teu usuario (número de carné) e un contrasinal, que se envía ao teu correo electrónico.



A app da Rede

Coa aplicación móbil da Rede de Bibliotecas de Galicia podes levar sempre contigo todo o catálogo galego da biblioteca dixital de préstamo, GaliciaLe.

Ademais, incorpora o teu carné en formato dixital. Así, poderás acceder ao préstamo na furgoteca ou en calquera biblioteca da rede sen necesidade de levar a tarxeta.

Está dispoñible para Android e iOS.

Que podes levar en préstamo?

Podes levar á vez ata 3 cousas: libros, películas, CD de música, revistas, videoxogos e dispositivos electrónicos.

O prazo de préstamo é de 3 meses para os libros e 1 mes para o resto de materiais.

Necesitas máis tempo?

Renova os préstamos que non teñan reservas a través da túa conta persoal desde o 6º día de préstamo e antes da data de devolución.

Queres algo que non temos na furgoteca?

Poñemos á túa disposición os fondos das Bibliotecas Públicas de Lugo e de Ourense-Nós, só tes que pedírnolo e avisarémoste cando estea dispoñible.

